



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-3

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

22 de Febreiro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

12:00

Hora de Finalización

12:11

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

### MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS :

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 01.02.2024 (ACTA 2024/2)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. ORDE DO 28 DE DECEMBRO DE 2023 DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE REGULAN AS BASES E SE REGULAN AS SUBVENCIONS DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL PARA O ANO 2024 (PR483A, B, C, D)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde** da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de data **28 de decembro de 2023**, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións do **Fondo de Compensación Ambiental** destinadas a entidades locais de Galicia para o ano **2024**. Ademáis, dáse conta da documentación na que se especifican as actuacións que se realizarán.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o anteproxecto da obra para a que se solicita subvención, a saber: **"Mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val"**, de acordo có seguinte:

Documento técnico: Anteproxecto





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Autor: Juan Manuel Mera Díaz

Data: febreiro de 2024.

Orzamento base: 32.454,59 euros.

Orzamento total (IVE incluído): **39.270,05 euros**

Actuacións contempladas: reforma e mellora da rede de pluviais nos lugares recollidos no anteproxecto, no núcleo de Castrelo do Val

Consecuentemente, recabar o regulamentario informe dos Servizos Técnicos municipais sobre o documento técnico que se ven de aprobar e, de acordo co contido do mesmo, solicitar no seu caso as autorizacións sectoriais pertinentes para que chegado o momento a actuación poida ser regulamentariamente contratada e executada

**SEGUNDO.** Solicitar á Vicepresidencia Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención, ao abeiro da orde de referencia, para a execución da actuación e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

**TERCEIRO.** Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

**CUARTO.** Facultar de xeito expreso ao Sr. Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

**4º. RESOLUCION DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DO 19 DE DECEMBRO DO 2023 POLA QUE SE APROBA O PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRICOLAS 2024-2025, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) AO ABEIRO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) 2014-2020, (MR701E) DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2024-2025.**

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Resolución do 19 de decembro de 2023** para a concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, (**Plan Marco**) da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, cofinanciado có Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, (MR701E) publicada no **DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024**, así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO. Aprobar os proxectos** das obras para as que se solicita subvención, a saber:

**PROXECTO 1.**

**"Mellora de camiño San Antón en Nocedo do Val, (Concello de Castrelo do Val)", de**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

acordo có seguinte:

Documento técnico: Proxecto.

Autor: M<sup>a</sup> Cristina Sabariz Rúa

Data: Febreiro do 2024.

Orzamento base: 23.068,00 euros.

Orzamento total (IVE incluído): **27.912,88 euros**

Actuacións contempladas: mellora do firme do vial de referencia, en Nocedo do Val (no tramo comprendido entre as coordenadas que se sinalan no proxecto)

### PROXECTO 2.

**"Mellora de dous camiños: pista da Costa e pista A Lamela, en Castrelo do Val, (Concello de Castrelo do Val)"**, de acordo có seguinte:

Documento técnico: Proxecto.

Autor: M<sup>a</sup> Cristina Sabariz Rúa

Data: Febreiro do 2024.

Orzamento base: 21.915,00 euros.

Orzamento total (IVE incluído): **26.517,15 euros**

Actuacións contempladas: mellora do firme dos viais de referencia, en Castrelo do Val (no tramo comprendido entre as coordenadas que se sinalan no proxecto)

Consecuentemente, recabar o regulamentario informe dos Servizos Técnicos municipais sobre os documentos técnicos que se veñen de aprobar e, de acordo có contido do mesmo, solicitar no seu caso as autorizacións sectoriais pertinentes para que chegado o momento a actuación poida ser regulamentariamente contratada e executada.

**SEGUNDO.** Solicitar á **participación** no Plan de mellora de Camiños rurais **2024-2025**, dos proxectos anteriormente mencionados; que segundo os datos obrantes na Secretaría os camiños sobre os que se solicita o plan de mellora son de **titularidade municipal** tendo o concello **dispoñibilidade dos terreos** necesarios para a normal execución das obras proxectadas.

**TERCEIRO.** Que como queira que segundo consta na acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno o día 15 de xuño do 2019, procedeuse á elección e proclamación como **Alcalde-Presidente deste concello, de D. Vicente Gómez García**, con DNI núm. 34.720.275-G; facúltase de xeito expreso, ao mesmo para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

**CUARTO.** Comprometerse a **realizar a achega municipal** necesaria. Para este efecto, habilitaranse as aplicacións orzamentarias necesarias.

**QUINTO.** Acordar á **posta a disposición dos terreos** necesarios, libres de cargas e gravames, para levar a execución das obras incluídas no Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), da Consellería de Medio Rural; por ser de titularidade municipal

**SEXTO.** Trasladar o presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario